ENDEREZOS WEB

Fundación Rosalía de Castro

Biblioteca Virtual Galega

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes

culturagalegaorg.

Wikipedia

Manuel Pancorbo Castro

¡Ai, dos que levan na fronte unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!
CURROS ENRÍQUEZ

NO BICO UN CANTAR

C.P.I. San Sadurniño

Día de Rosalía de Castro
24 de febreiro de 2012

LIBROS PARA COÑECER A ROSALÍA

NEIRA CRUZ, Xosé A., *Rosalía*, Edicións Xerais, Colección "Así viviu").
Amaro Mendiño e o seu ordenador Chiño viaxan ata a Compostela do XIX para coñecer a vida da poeta.



VILLAR Helena, *Rosalía*, Fundación Rosalía de Castro.
Un libro sobre a vida da escritora padronesa no que atoparás unhas fermosas ilustracións de Ánxeles Ferrer.

LIBROS DE ROSALÍA



CASTRO, Rosalía de, *Cantares gallegos*, **Galaxia.**
Cantares gallegos, o primeiro poemario de Rosalía en galego, é considerado unha das obras máis sobranceiras da literatura galega. A data da súa publicación foi instaurada pola Real Academia Galega coma Día das Letras Galegas.

CASTRO, Rosalía de, *Follas novas*, Edicións Xerais.
Dezasete anos despois da publicación de Cantares gallegos, no ano 1880, publicouse este libro de poemas no que a voz da poeta se fai máis profunda. Atoparás nel poemas sociais e intimistas nos que se reflexiona sobre os eternos temas da poesía (a dor, o sentido da vida, a soidade...)

CASTRO, Rosalía, *En las orillas del Sar*, Extramuros
Unha reprodución en formato facsímil deste libro publicado en 1884, un ano antes da morte da poeta.

CASTRO, Rosalía, *Poesías*, Patronato Rosalía de Castro.
Este libro recolle os tres poemarios máis coñecidos de Rosalía: Cantares gallegos, Follas novas e En las orillas del Sar.

CASTRO, Rosalía, *Versos a Compostela*, Alvarellos Editora.
Coidada antoloxía dos poemas rosalianos dedicados a Santiago de Compostela na que encontrarás fotografías dos espazos desta cidade relacionados coa vida da escritora padronesa.

ESCOLMAS

ANGUEIRA, Anxo (sel.), *Rosalía de Castro. Antoloxía*, Edicións Xerais.
Antoloxía dos poemas de Rosalía preparada por Anxo Angueira que inclúe un CD con poemas desta recitados polo segundo.

Rosalía de Castro. *Escolma poética*, Faktoría K.
Selección de trece poemas de Cantares gallegos e Follas novas acompañados das suxestivas ilustracións de Belén Padrón.

VIAXES CON ROSALÍA

ABUÍN DE TEMBRA, Avelino, *Ruta rosaliana*, Fundación Rosalía de Castro
As paisaxes de Rosalía da man dun dos grandes coñecedores e difusores da súa obra.

ANGUEIRA, Anxo, Terra de Iria. *Viaxe o país de Rosalía de Castro*, A Nosa Terra.
Unha viaxe literaria para coñecer as paisaxes amadas de Rosalía.



ROSALÍA MUSICADA

ANXO ANGUEIRA, GUADI GALEGO E ABE RÁBADE: *Rosalía 21*
Revisión jazzística dos poemas de Rosalía con música do Abe Rábade Quartet -Abe e as voces de Guadi Galego e do poeta Anxo Angueira.

AMANCIO PRADA: *Rosalía siempre*
O cantautor e compositor berciano canta de novo os poemas de Rosalía neste disco do ano 2005.

REVISTAS

Praza das letras. *Monográfico Rosalía letras vivas*, Xunta de Galicia.